

# ACORDO MARCO PARA A CREACION DO LAR DA PAZ DE HERBÓN

En Herbón (Padrón), a ..... de ..... de 2009.

## REUNIDOS

**A Fundación Convento de Herbón**, representada por D..... con DNI nº.....

**O Seminario Galego de Educación para a Paz** representado polo seu Presidente, D. Manuel Dios Diz, con DNI nº 33.210.514

**A Fundación Cultura de Paz**, representada polo seu Presidente, D. Federico Mayor Zaragoza, con DNI nº.....

**A Orde de Frades Menores, Provincia de Santiago de Compostela** representada por D..... con DNI nº.....

Recoñecéndose capacidade, segundo interveñen, para outorgar o presente acordo,

## EXPOÑEN

As entidades que asinan o presente Acordo Marco para a creación e posta en funcionamento do **LAR DA PAZ de Herbón** o fan desde a consideración de que é unha iniciativa necesaria que pretende facer do *Convento Franciscano de Herbón*, en Padrón, un referente, nacional e internacional, na educación, na investigación e na cultura da paz.

Entre os **Obxectivos** do **LAR DA PAZ de Herbón** están a promoción da educación para a paz, dos valores cívicos e democráticos, a formación inicial e permanente do profesorado, a

divulgación dos valores da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, o fomento da Cultura da Paz, nas aulas, na vida e na sociedade, a realizacións de actividades culturais, e a colaboración e a cooperación.

Entre as **Actividades** que promoverá o **LAR DA PAZ de Herbón** están a organización de encontros e xornadas, simposios, congresos, seminarios, foros, cursos, conferencias, mesas redondas...; a investigación para a paz; os cursos de formación; as escolas de verán; as exposicións, visitas escolares, a edición de materiais ou as publicacións en diversos formatos.

Ademais, o **LAR DA PAZ de Herbón** ofertará, entre outros, servizos de Biblioteca e Videoteca, sala de proxeccións, sala de xuntas, sala de exposicións, salón de actos, aulas, páxina web, cursos on-line, centro de documentación, conexión a internet, centro de investigación e asesoramento especializado.

De conformidade co anterior, as entidades aquí reunidas

## ACORDAN

1º.- A creación e a posta en funcionamento do **LAR DA PAZ de Herbón** nos espazos que a tal fin a Orde Franciscana **cede para o seu uso** ó *Seminario Galego de Educación para a Paz*, no marco da súa propiedade no Convento Franciscano de Herbón, en Padrón.

2º.- A citada cesión de espazos é única e exclusivamente para o proxecto do **LAR DA PAZ de Herbón** conforme aos obxectivos, actividades e servizos explicitados anteriormente. Así, o espazo inicial destinado ó **LAR DA PAZ de Herbón** no Convento Franciscano non será inferior a 300 metros cadrados para despachos, sas de reunións e aulas e, ademáis, contará cun Salón de Actos, Sala de Exposicións e de usos múltiples e un almacén. Con posterioridade veranse as posibilidades de crear, no propio centro, un **Museo da Paz**, tendo como referencia o de Gernika.

3º.- O **LAR DA PAZ de Herbón** ten como referente de funcionamento o *Centro pola Paz de Arántzazu* (Baketik), como institución non lucrativa, laica, aconfesional, de carácter plural e aberto, no que conflúen os conceptos de paz e de ética, con claros obxectivos de divulgación, formación, investigación, mediación e solidariedade.

4º.- Entre os obxectivos fundamentais do **LAR DA PAZ de Herbón** están, como dixemos, a promoción do concepto de paz positiva e dos valores propios dunha Cultura de Paz, tal e como a define a

UNESCO na súa Declaración e Programa de Acción sobre unha Cultura de Paz: educación para a paz, dereitos humanos e democracia, erradicación da pobreza e da exclusión, diálogo intercultural e interrelixioso, e resolución pacífica de conflitos, sobre a base da xustiza.

5º.- O **LAR DA PAZ de Herbón** terá os seus propios órganos de goberno, acordados polas entidades promotoras: un Padroado, un Consello Reitor, un Comité Asesor e unha Dirección.

6º.- A Orde Franciscana reservarase, sempre e en calquera circunstancia, a última palabra respecto da cesión do uso dos espazos para o **LAR DA PAZ de Herbón**, da súa temporalidade, renovación ou finalización, no caso de que se vulnerasen os obxectivos para os que foi creado.

7º.- A organización interna e a xestión do **LAR DA PAZ de Herbón** será competencia exclusiva dos seus propios órganos de goberno, de acordo coa estrutura que figura no documento anexo: dirección, xerencia (no seu caso), administración, cooperación, comunicación, investigación, acollida, educación, internacional e museo (no seu caso).

8º.- Os espazos comúns e de usos múltiples, Salón de Actos e Sala de Exposicións, do **LAR DA PAZ de Herbón**, poderán compartirse con outras entidades para a realización de actividades propias ou conxuntas, sempre por acordo previo das partes reservando, para uso exclusivo do Convento as festividades do 13 de Xuño e do 11 de Xullo.

9º.- O **LAR DA PAZ de Herbón** terá unha dotación económica fundacional aportada polas entidades promotoras, dos seus propios fondos, ou dos recursos públicos e privados, de bens mobles e inmobles, que comprometan, individual ou conxuntamente, para a súa creación e posta en funcionamento. Polo uso dos espazos do convento franciscano as entidades promotoras e o propio **Lar da Paz** non pagarán aluguer ningún.

10º.- As cantidades económicas, bens inmobles e bens mobles aportados por cada entidade promotora ó capital fundacional e á creación e posta en funcionamento do **LAR DA PAZ de Herbón** serán devoltas a cada unha delas, no caso de finalización do acordo, así como aquelas outras conseguidas, de carácter público ou privado, para a creación e o funcionamento do Centro, de maneira proporcional as aportacións realizadas por cada parte.

11º.- A vixencia do presente acordo será por 15 anos, renovable polo mesmo período de tempo se non media denuncia por algunha

dás partes comunicada de forma fidedigna ao resto de comparecentes, con polo menos un ano de antelación á finalización de cada período de vixencia, tendo efectos dende a sinatura do mesmo.

E, para que así conste, asinan o presente, por cuadruplicado e para un só efecto, na data e lugar que se deixaron indicados ut supra.

Seguen as sinaturas:

**FUNDACION CONVENTO FRANCISCANO DE HERBÓN**

**SEMINARIO GALEGO DE EDUCACION PARA A PAZ**

**FUNDACION CULTURA DE PAZ**

**ORDE DE FRADES MENORES DA PROVINCIA DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA**